

ANEXO

Horas mínimas segundo niveis, categorías e titulacións das especialidades de defensa persoal policial

Grupo N (niveis)	Horas
Técnico especialista en D.P.P. nivel I	40 horas
Técnico especialista en D.P.P. nivel II	50 horas
Técnico especialista en D.P.P. nivel III	60 horas
Técnico especialista en D.P.P. nivel IV	80 horas
Grupo C (categorías)	Horas
Cinto negro 1 dan en D.P.P.	100 horas
Cinto negro 2 dan en D.P.P.	200 horas
Cinto negro 3 dan en D.P.P.	300 horas
Cinto negro 4 dan en D.P.P.	400 horas
Cinto negro 5 dan en D.P.P.	500 horas
Cinto negro 6 dan en D.P.P.	600 horas
Cinto negro 7 dan en D.P.P.	700 horas
Grupo T (titulacións)	Horas
Adestrador nacional nivel I (cinto negro 1 dan D.P.P.)	120 horas
Adestrador nacional nivel II (cinto negro 2 dan D.P.P.)	200 horas
Adestrador nacional nivel III (cinto negro 3 dan D.P.P.)	400 horas
Adestrador nacional nivel IV (cinto negro 4 dan D.P.P.)	600 horas

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 21 de maio de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape ao programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas en Galicia (Programa Innoempresa), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG nº 100, do 28 de maio de 2010, procede facer as seguintes correccións:

-Na páxina 9.617, no artigo 5, número 5 a), onde di:

«a) Investimentos materiais e/ou inmateriais novos adquiridos en propiedade, excluídos a adquisición e acondicionamento de inmobles, gastos de mobilia-

rio, medios de transporte e equipamento de oficina (agás elementos informáticos). A adquisición e adaptación de software considerárase investimento subvencionable. Sen prexuízo da aplicación das porcentaxes de subvención establecidas no artigo 5.14 destas bases, a subvención máxima por este concepto será de 55.000 € para organismos intermedios e 18.000 € para pemes».

Debe dicir:

«a) Investimentos materiais e/ou inmateriais novos adquiridos en propiedade, excluídos a adquisición e acondicionamento de inmobles, gastos de mobilia-rio, medios de transporte e equipamento de oficina (agás elementos informáticos). A adquisición e adaptación de software considerárase investimento subvencionable. Sen prexuízo da aplicación das porcentaxes de subvención establecidas no artigo 5.15 destas bases, a subvención máxima por este concepto será de 55.000 € para organismos intermedios e 18.000 € para pemes».

-Na páxina 9.623, no artigo 15, número 1, onde di:

«15.1. Os beneficiarios deberán presentar a solicitude de cobramento da subvención no prazo dun mes desde a fin do prazo de execución establecido na resolución de concesión e nunca posteriormente ao 30 de outubro do exercicio correspondente á anualidade establecida na resolución de concesión».

Debe dicir:

«15.1. Os beneficiarios deberán presentar a solicitude de cobramento da subvención no prazo dun mes desde o fin do prazo de execución establecido na resolución de concesión e nunca posteriormente ao 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade establecida na resolución de concesión (en caso de coincidir en sábado o día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo finalizará o día hábil seguinte)».

-Engádesse o anexo IV que se publica con esta corrección de erros.



ANEXO IV

Custos máximos de persoal, viaxes e aloxamento

Axudas do Igape ao programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas en Galicia (Programa Innoempresa), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Custo salarial máximo subvencionable e axudas de custo de viaxe do persoal do organismo intermedio:

Categoría	Salario bruto	Gastos S.S. a cargo da empresa	Total salario	€/h (1.800 h/ano)	Viaxes (aloxam./día)	Automóbil prop. (€/km)
Director técnico/proxecto	77.395,35	11.474,42	88.869,78	49,37	119,07	0,26
Técnico sénior	61.916,28	11.474,42	73.390,71	40,77	73,85	0,26
Técnico júnior	46.437,21	11.474,42	57.911,64	32,17	73,85	0,26
Técnico medio	38.697,68	11.474,42	50.172,10	27,87	73,85	0,26
Auxiliares de laboratorio	23.218,61	6.942,36	30.160,97	16,76	55,77	0,26